



Área / Unidad CEMENTERIOS MA2400 GBA	Documento 74119I03NR	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/19643/2025 30/10/2025
<i>Código de verificación</i>  356I 530Y 6C1E 5E6Y 0BX2	<i>Expediente</i> 741/2025/2269	
	<i>Fecha</i> 28-10-2025	

ASUNTO: DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

RESOLUCIÓN

Á vista do informe proposta co código 74119I03MW de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 28.10.2025, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 04.07.2024 (BOP núm.129, do 5 de xullo de 2024) na concelleira de Medio Ambiente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.-INICIAR o procedemento para declarar a extinción do dereito de uso sobre o nicho sinalado co núm. 43, departamento 1º, ringleira 1ª do Cemiterio Municipal de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi adxudicado en réxime de concesión administrativa a Victoria Eugenia Astray Romero (falecida) polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 5 de xaneiro de 2011.

SEGUNDO.-OUTORGAR trámite de audiencia aos interesados por un prazo de **10 días hábiles**, para que aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen oportunos para a defensa dos seus dereitos e intereses de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015.)

Advírtese que rematado o devandito prazo sen que os interesados formulen alegacións ou acheguen novos documentos, continuará a tramitación do procedemento coa declaración da extinción dos dereitos funerarios e procederase a exhumación dos restos cadavéricos existentes nas instalacións funerarias para o seu traslado ao osario municipal.



A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia María Neira Fernández

Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024)